

Coida o teu mundo

Os nenos de 3º estamos moi preocupados pola nosa medio ambiente e reflexionamos sobre que facer para coidar o noso mundo. Xa sabiamos que a nosa vila é unha das que máis enerxía produce no noso país, pero non sempre dunha forma limpa.



Cando visitamos o Parque Experimental de Sotaventos, aprendemos moito máis sobre as enerxías renovables.



A enerxía eólica pareceunos moi interesante. Explicáronnos como funcionaban os aereogeneradores.



Mesmo entramos nun e puidemos velo desde o interior.



A enerxía solar semella ser unha solución de futuro.



Tamén nos deron consellos sobre como aforrar enerxía.

Nós non podemos solucionar os problemas de contaminación do noso planeta, pero podemos colaborar con pequenos xestos que sumados supoñerán unha boa axuda. Por iso, recorda os nosos consellos.



Aproveita a luz do día.



É mellor usar lámpadas de baixo consumo.



Hai que acordarse de apagar as luces cando non sexan necesarias. Os fluorescentes só se se vai tardar un bo rato.



Tampouco debemos esquecer desconectar todo tipo de aparellos eléctricos se non os usamos.



Cando merquemos un electrodoméstico novo, debe ser energeticamente eficiente.

